



Que é?

- **Ops!** é o que exclamamos cando nos decatamos de algo que xá sabíamos.
- **Ops!** é un obradoiro para mostrar a alumnos e alumnas do noso sistema educativo que o galego é:
 - 1) Unha entrada privilexiada para acceder ao mundo en portugués.
 - 2) A nosa vantaxe competitiva no cadro español e europeo.

Quen?

- O obradoiro foi idealizado, desenvolvido e é ministrado pola AGAL, Ass. Galega da Lingua, unha entidade que promove a difusión na Galiza do mundo que se expresa en portugués no convencemento de que eleva o benestar da cidadanía galega e é un reforzo para a lingua da Galiza.

Para quen?

- Existe unha versión para alumnos a partir dos 12 anos (ciclo superior de educación primaria, ESO, bacharelato, FP, ensino de adultos...) e outra para os ciclos inicial e medio de educación primaria.

Por qué?

- Porque a maioría dos nosos estudantes, cando finalizan o sistema educativo obrigatorio, descoñecen que o portugués pode formar parte do seu CV.
- Para por en valor a lingua da Galiza, facendo ver a súa potencialidade e contrarrestando os prexuízos que a infravalorizan.
- Por que o portugués é a sexta lingua máis falada no mundo, oficial en 4 continentes

e 8 países, sendo un deles o Brasil, potencia emerxente.

- Por que o plurilinguismo vai ter cada vez máis valor, promovido pola globalización e as institucións políticas (a comezar pola Unión Europea)
- Por que en épocas de crise, é cando é máis preciso afinar onde imos investir os nosos recursos e depositar a nosa atención.

Como?

- O obradoiro ten un formato de 100 minutos, dúas clases seguidas.
- O número de alumnos e alumnas ideal estaría entre 20 e 40. Canto máis alumnos/as o obradoiro perde interatividade.
- O relator exprésase en portugués de Portugal ou do Brasil indistintamente e incídese en que tal acción sería inviábel en Madrid ou Barcelona.
- A interacción cos alumnos e alumnas é alta facilitando a súa implicación para integraren os diferentes aspectos da exposición.
- Os materiais usados son: presentacións en Office Impress, Internet, música e áudio-visual sendo o peso de cada un deles distinto segundo as idades. Todos os textos están escritos en portugués.
- Material preciso: unha sala con proxector e pantalla para poder mostrar a presentación e os sitios web así como un reprodutor de música.
- Os contidos están divididos en 4 partes.

Unidade 1 Temos moito a gañar

Obxectivos xerais:

- Mostrar a vantaxe competitiva da Galiza en relación á Lusofonia.
- Mostrar o que a Lusofonia representa en termos xeográficos, culturais e económicos.
- Tomar consciencia do que sabemos e descoñecemos respecto aos países que falan portugués.
- Mostrar o que a poboación galega ten a gañar sabendo portugués.

Unidade 2 Ler está ao alcance dos teus ollos (ortografía)

Obxectivos xerais:

- Mostrar que as palabras e as letras poden ser lidas de distintas formas.
- Mostrar como se len á galega as letras do alfabeto portugués non presentes na ortografía da lingua galega.

Unidade 3 Sabemos moito mais non nos debemos confiar (léxico e gramática)

Obxectivos xerais:

- Mostrar a nosa vantaxe competitiva en termos de comprensión escrita (gramática e léxico).
- Mostrar que a maioría do léxico é común.
- Advertir das dificultades léxicas: sinónimos, falsos amigos, palabras modernas, anglicismos.

Unidade 4 Podes aprender tu mesmo(a)

Obxectivos xerais:

- Fornecer recursos para os alumnos e alumnas seren autónomos na aprendizaxe.
- Fornecer recursos culturais (música, cinema, xornais, ebooks, xogos) para que se mergullen no mundo en portugués.

Entre a unidade 2 e 3 xogaremos a preencher buracos na letra dunha canción brasileira.

Canto?

O prezo polo obradoiro é de 165 euros + IVA.

Site

ops.agal-gz.org/

Como contactar?

Noemi Pinheira

ops@agal-gz.org

699 486 282

Ops: A nosa vantaxe / A nossa vantagem